



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. Carlos Iglesias Cores, Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra), adoptou a seguinte Resolución.

Vistas a convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha bolsa de emprego para a cobertura temporal de unha praza de Auxiliar Administrativo, vacante na plantilla de persoal funcionario deste Concello, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 08 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 188 de 29 de setembro de 2017.

Vista a Resolución de Alcaldía de 04 de abril de 2018, de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, designación dos membros do Tribunal de selección e de establecemento do día de celebración do primeiro exercicio, publicada nesa mesma data no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.

Vista a existencia de erro na lista de excluídos, por canto figura Dna. Eva Alicia Barbosa González, con DNI nº 53.610.564-W, por non presentar copia compulsada do DNI cando en realidade a interesada subsanou este feito mediante presentación da citada copia en data 01 de decembro de 2017.

Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que permite a rectificación en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por medio da presente

RESOLVO

Rectificar a Resolución de Alcaldía de 04 de abril de 2018, de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo para a configuración dunha bolsa de emprego para a cobertura temporal de unha praza de Auxiliar Administrativo, vacante na plantilla de persoal funcionario deste Concello, declarando definitivamente admitida a Dna. Eva Alicia Barbosa González, con DNI nº 53.610.564-W.

Na Illa de Arousa.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo. Carlos Iglesias Cores

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello